



**RELACIÓNS ENTRE AVOAS E NETAS**  
**Análise pedagóxica de tres casos da escola de San Clemente de Cesar**  
**(Caldas de Reis)**

Educación en Contextos Rurais [G3141441] [2020/2021]



Marinha Longa Iglesias  
Andrea Petisco Fernández  
Paula Villaverde Touriño  
Silvia Villaverde Touriño

## **AGRADECEMENTOS**

Este traballo nace coa fin de descubriremos e por en valor, como futuras mestras, a riqueza das relacións interxeracionais desde un enfoque pedagóxico. Avaladas por un amplo marco teórico, as nosas reflexións son froito de todo o que aprendimos e descubrimos grazas a F., J., P., e R. Por iso, os nosos máis sinceros agradecementos. Grazas por compartir con nós as vosas realidades e darlle un eixe vertebrador ás nosas inquedanzas por saber e facer mellor. Tamén queremos darlle as grazas ás mestras e ás nais do colexio de San Clemente que fixeron de ponte entre nós e as avoas e, finalmente, grazas ao encargado de titorizar esta nosa investigación, cuxas orientacións e contribucións foron de grande axuda.

Aquí van as nosas achegas sobre as relacións entre netas e avoas pois como ben dicía R.: “o pouco que un sabe é moi bonito compartilo”.

## Índice

1. <b>Introdución</b> .....	1
2. <b>Contexto</b> .....	3
3. <b>Metodoloxía</b> .....	4
4. <b>Análise</b> .....	5
4.1. <b>O rol de avoa</b> .....	5
4.1.1. <i>Ser nai e ser avoa: a crianza das fillas e o coidado das netas, dúas experiencias diferentes</i> .....	5
4.1.2. <i>A relación avoas-netas</i> .....	6
4.1.3. <i>A diferenza do tipo de relación das crianzas coas nais e pais e coas avoas e avós. O rol das avoas e avós. “Acatar as normas dos pais”</i> .....	7
4.2. <b>Xénero</b> .....	8
4.3. <b>Actividades compartidas</b> .....	10
4.4. <b>Patrimonio inmaterial e tradición oral</b> .....	11
4.5. <b>Lingua</b> .....	12
4.6. <b>Bidireccionalidade nas aprendizaxes</b> .....	13
4.7. <b>Tecnoloxía</b> .....	13
4.8. <b>Visión da educación</b> .....	14
5. <b>Conclusións</b> .....	16
6. <b>Referencias bibliográficas</b> .....	17
7. <b>Anexos</b> .....	19

## 1. Introducción

Tanto na Galiza como no estado español, son moitas as avoas que se encargan do coidado das netas diariamente por diferentes motivos. Os datos falan de unha de cada catro avoas coidadoras no estado –datos inferiores aos europeos, aínda que no noso caso a media de horas diarias adicadas ao coidado das netas (sete) supera en dúas á europea (Badenes e López, 2011).

Estes datos veñen da man de varios factores, entre eles o aumento da esperanza de vida, que permite a coexistencia de varias xeracións familiares, aínda que adoite darse en vivendas separadas na actualidade. Segundo Badenes e López (2011) isto non implica unha diminución do apoio familiar, senón unha reformulación do mesmo desde a chamada intimidade a distancia.

Ademais da esperanza de vida, a mudanza das condicións de traballo na actualidade inflúe en grande medida no coidado das netas por parte das avoas. Comellas (2013) indica o seguinte sobre as mudanzas nas condicións laborais:

“distancia entre o lugar no que se vive e no que se traballa, acceso a postos de maior cualificación, maior responsabilidade, e un longo etcétera que implica máis esixencias de formación, maior complexidade, ao non ser tarefas tan repetitivas e estables ao longo do tempo laboral (cambios de tecnoloxía, maior amplitude de posibilidades, etc.) e, con frecuencia, maior inqueda polas esixencias que a promoción xera. Esta panorámica [...] favorece a actitude comprensiva por parte dos avós, e predisponos a unha maior cooperación e apoio: «Pobres, teñen tanto traballo!», «Van tan estresados!»... (p. 50)

Debido a estas condicións, a voluntariedade do traballo das avoas resulta cuestionable. “se a sociedade está organizada de forma que os nenos poden ser atendidos polos seus pais de maneira regular, o coidado dos avós presentarase de modo máis voluntario” (Badenes e López, 2011, p. 111); porén, o caso contrario é o máis común na actualidade.

Tendo analizado o escenario e as condicións nas que se dan este tipo de relacións de coidado, no seguinte traballo achegámonos ás relacións entre netas e avoas co fin de entendermos as súas características, as condicións que as motivan e o potencial educativo que como mestras podemos aproveitar. Trátase dun fenómeno estendido, que estará presente en calquera dos lugares onde exerzamos a nosa labor como mestras.

A súa potencialidade educativa resulta interesante desde a nosa posición, xa que a relación entre avoas e crianzas acolle unha serie de beneficios que debemos coñecer e explorar, non só pola peculiaridade dunha relación educativa que debido á distancia xeracional permite crear unha serie de complicidades que non se xeran entre xeracións máis próximas, senón tamén pola riqueza que supón a grande diferenza entre as vivencias de maiores e miúdas, especialmente no actual momento histórico, que acolle avoas que foron testemuñas de importantes cambios socioeconómicos non experimentados polas crianzas. Neste traballo abordamos diferentes aspectos que atravesan este tipo de relacións interxeracionais coa vontade de descubriremos, como mestras, o tipo de coñecemento e dinámicas compartidas entre avoas e netas para así atopar maneiras, nun futuro, de nos achegar a esta parte tan importante da nosa comunidade escolar.

A partir da realización de tres entrevistas a avoas de crianzas da escola de San Clemente de Cesar (Caldas de Reis), reflexionamos sobre a (bi)direccionalidade das aprendizaxes, o rol das avoas fronte a nais e pais, o cambio lingüístico, as novas tecnoloxías ou as mudanzas no sistema educativo, entre outras cuestións. Por tratarse dunha mostra reducida, reflexionamos sobre algúns comentarios e experiencias partilladas polas entrevistadas principalmente desde a reflexión teórica, mapeando aspectos comúns que adoitan atravesar as vivencias das avoas como coidadoras e preguntándonos polas súas causas e o potencial de ensino-aprendizaxe que acollen.

Como apuntamento, o seguinte traballo foi redatado en feminino xenérico coa fin de visibilizar a labor e presenza das mulleres en todos os eidos e en concreto no coidado das súas fillas e netas. De utilizarnos o masculino, estarémonos a referir unicamente a homes.

## 2. Contexto

Situamos a nosa investigación arredor do CEIP plurilingüe San Clemente de Cesar, un centro de Educación Infantil e Primaria que está situado no lugar de Baltar, parroquia de San Clemente de Cesar, no norte do concello de Caldas de Reis (Pontevedra) (véxase [Anexo 1.](#))

San Clemente ten unha poboación total de 989 habitantes. Segundo os datos do IGE (2001), dese total, a porcentaxe de poboación menor de 16 anos é do 14,5%, que é o rango de idade no que se atopa o alumnado en escolarización obrigatoria e, por tanto, no que se inclúe o alumnado do centro. Daquela, 85,5% restante corresponde á poboación de 16 e máis anos. Dentro desta, a taxa de analfabetismo é de 3,8% e a porcentaxe de poboación con estudos universitarios dun 2%, datos que son relevantes por formar parte do entorno do alumnado, xa que repercuten neles a nivel sociocultural.

A nivel económico, a taxa de actividade é dun 47% e a taxa de paro dun 15,8%. As porcentaxes de ocupación son dun 3,3% na agricultura, un 1,2% na pesca, un 34% na industria, un 26% na construción e un 35,2% nos servizos.

A parroquia de San Clemente conta cun centro sociocultural que serve como auditorio para o alumnado do colexio. Existe unha liña de transporte público que pasa dúas veces por día, conectando a parroquia co centro da vila, que se atopa a 4,9 km de distancia. Para recibir servizos sanitarios, os habitantes de San Clemente acoden ao Centro Médico de Caldas de Reis. En canto aos servizos de alimentación, en San Clemente hai dúas panaderías e unha tenda de ultramarinos.

### 3. Metodoloxía

Nesta investigación participaron catro avoas, concretamente tres mulleres (F., J. e P.) e un home (R.), das cales unha muller (P.) e o home son matrimonio.

F. ten 65 anos e un nivel educativo básico. Deixou a escola con 14 anos para comezar a traballar nunha conserveira e, despois de emigrar a Suiza con 22, xubilouse de volta no país. Ten dúas netas de 9 e 11 anos. Está viúva.

J. ten 62 anos e posúe estudos básicos; aos catorce anos comezou a traballar nunha fábrica por necesidade económica da familia, actividade na que segue en exercicio activo a día de hoxe. Está casada e convive co seu marido. Ten tres netas, unha de 9 anos e dous nenos de 7.

P. e R. teñen, respectivamente, 75 e 78 anos. P. foi mestra de educación primaria e, posteriormente, de infantil. R. foi mariño mercante e cara ao final da súa etapa laboral foi profesor de formación profesional. Actualmente, ambos están xubilados. Ambos teñen oito netas entre os 6 e os 16 anos, das cales tres están en idade escolar: unha de 7, un neno de 9 e unha nena de 12; o resto teñen entre 12 e 16 anos e cursan a educación secundaria.

O método empregado para a obtención da información foi a entrevista semiestruturada. Partíase dun guión (véxase [Anexo 2.](#)) cos temas a analizar previamente establecidos: tempo e actividades compartidas, transmisión de coñecementos, emprego das TIC por parte das netas e por parte das avoas e opinión das segundas sobre as influencia das mesmas no desenvolvemento das crianzas, e finalmente lingua e visión da educación. O guión permitía establecer unha estrutura sobre os temas dos que se quería obter información e tamén ofrecía certa apertura e flexibilidade, sen tratarse dun cuestionario con preguntas pechadas.

Estas entrevistas realizáronse por vía telefónica e videochamada, xa que a opción de realizalas de forma presencial supoñía certos inconvenientes dada a situación sanitaria pola COVID-19 e tendo en conta que as persoas participantes formaban parte do colectivo de risco. As entrevistas realizáronse de forma independente a cada avoa (no caso de P. e R., foi unha única entrevista para ambos), e de todas dispoñemos rexistro de audio.

## 4. Análise

### 4.1. O rol de avoa

#### 4.1.1. *Ser nai e ser avoa: a crianza das fillas e o coidado das netas, dúas experiencias diferentes*

Se algo ten de particular o papel das avoas é que estas contan xa cunha experiencia previa respecto da crianza, pois antes de ser avoas foron nais. A pesar de que existe unha gran variedade de tipoloxías de “avoidade”, estas dúas experiencias teñen importantes diferenzas a nivel xeral, que radican no feito de que a estrutura familiar non esixe ás avoas exercer a autoridade familiar que antes tiñan (Pinazo, 1999).

Albrecht (1954), citado por Noriega e Velasco (2013), falaba da avoidade como un “placer sen responsabilidade”, referíndose á satisfacción que senten as avoas ao non ser responsables da educación e a crianza dos netos en cuestións importantes. Iso permítelles ter unha relación máis relaxada, onde se pode investir máis tempo en actividades de desfrute e de xogo, de escoita e comprensión e incluso mimos, dunha maneira que non puideron facer cando foron nais por estar excesivamente preocupadas nas obrigas que leva a maternidade.

J. comentaba que “non sei se era porque non tiña tempo”, se ía andar coas fillas, por exemplo, e había un corvo nunha veiga, dicíalle “anda, pa’ diante”. Agora, “van os meus netos por aí e dinme ‘*abuela*, que é *eso*’, eu explícolle como se chama”. “A eles explícolle e ás miñas fillas *tuvo* que ser porque eu non tiña tanto tempo, non tiña tanta idea porque a conta dos anos vas aprendendo”.

Así mesmo, observamos como as relacións establecidas coas fillas no pasado repercuten na forma de relacionarse coas netas. No caso de F., por exemplo, estivo emigrada en Suiza e conta, cun sentimento de culpa: “eu, por exemplo, tiven unha filla e non a criei, non vin cando lle saíu o primeiro dente nin cando comezou a falar, e iso dáme moitísima pena”, “é unha pena que non sae do corazón nunca, é un castigo que se leva ata a norte, síntome culpable todos os días, todos os días do ano a todas horas”. Esta experiencia repercutiu directamente na súa forma de tratar ás netas, aproveitando como a oportunidade de agora si ter tempo para a crianza: “agora achégome máis ás netas para corrixir iso”, “agora, en lugar de queixarse, toca desfrutar das netas”, “agora temos que ver a parte positiva e nada máis. Criar as netas e axudarlles”.



P. e R. contan, por outra parte, que o modo de educar aos fillos e ás netas foi o mesmo, “sempre os fixemos partícipes de todo o que había na casa, e tamén cos nenos non tratamos de ocultar, tratamos de facerlles ver sempre a realidade das cousas, cos nenos tamén o facemos así”.

#### 4.1.2. A relación avoas-netas

A relación avoas-netas é particular e única e “non se pode equiparar a ningunha outra, xa que esta relación entre as dúas xeracións máis distantes permite crear unha serie de complicidades que non se poden dar entre as xeracións máis achegadas” (Comellas, 2013). Así mesmo, os avós representan para os netos un importante nexco co pasado e coa historia da familia (Pinazo, 1999). Os pais, en ocasións, non dispoñen do tempo suficiente para estar cos seus fillos porque están demasiado ocupados, mentres que os avós si contan con ese tempo e invísteno significativamente e de forma pracenteira cos netos (Hoyuelos, 2004). Kalish, (1983), citado por Pinazo (1999) establece unha hipótese sobre o que podería levar a esta afinidade entre avoas e netas, e é que as circunstancias que comportan a xuventude e a vellez son similares en tanto que ambos son grupos de idade adxacente ao grupo dominante, pero ningún deles ten tanto poder e influencia como para tomar decisións. F., porén, destaca a particular relación de confianza que mostran as netas con seu pai e súa nai debido a todo o tempo que pasan xuntas: “cos pais fala doutra maneira, doutras cousas; as nosas teñen moita confianza cos pais, cóntanlles moito *cuchicheo*; ao mellor é porque pasan moito tempo cos seus pais”.

O tempo que as avoas pasan coas netas dedícanlo fundamentalmente a coidalas e atendelas cando as nais non están, de querelas e darlles cariño, pero tamén se interesan pola súa educación e por inculcarlles valores, como o respecto, a responsabilidade e o interese polos estudos (García et al., 2014).

J. explica que un día por semana recolle ás netas no colexio, “así non perdemos relación”, “ese día é especial para eles”, e máis veces “se os pais están ocupados polo traballo ou por calquera outra cousa”, “dependendo *si* traballan ou non os pais xa me encargo de levalos a clase de música, a inglés e B. quere que o leve eu sempre, porque lle gusta que o vaia buscar eu sempre”. P. destaca tamén esa compoñente de gozo da relación avoas-netas: “nós *tuvemos* a gran *suerte* de poder disfrutar con eles hasta alá as cinco ou as seis da tarde que xa os pais dicían ‘nada, hai que marchar cada un á súa casa’”.

Engade, ademais, unha compoñente educativa: “eu penso que, o neno... si, desfrutamos moito con eles e todo *eso*, pero o desfrute ten que ter un fin, e ese fin é que enriqueza ao neno, que o forme e que lle de amplitude de visión das cousas ao neno, sempre mostrándolle a realidade do que existe”.

No entanto, as avoas son un grupo moi heteroxéneo e, por tanto, o seu rol vai depender de variables como a idade, o xénero, a clase social, a cultura, a frecuencia de contacto, as crenzas relixiosas, a calidade da relación avoas-nais e a proximidade residencial en relación coas netas (Pinazo, 1999)

P. fai unha comparación: “cando eran máis pequenos pasaban aquí máis tempo, facían aquí a *guardería*, non foron á *guardería* e facían aquí, *donde* facíamos un pouco as actividades de *guardería* e recordamos un pouco o que fixemos na nosa última etapa de traballo”, “nesa primeira etapa deles *tuvemos* máis contacto, despois cando comezaron a escolarizarse o que tiñamos era eso, que viñan todos os días a comer”, “*osea* que nós, nese sentido, *tuvemos* moita relación con eles e eles con nós”.

#### **4.1.3. A diferenza do tipo de relación das crianzas coas nais e pais e coas avoas e avós. O rol das avoas e avós. “Acatar as normas dos pais”**

As avoas consideran que a responsabilidade última na educación das súas netas é dos proxenitores, aos que de ningunha maneira pretenden substituír, senón que cando se trata de asumir algunha tarefa en relación aos seus netos e netas, póñense ao servizo dos seus fillos e fillas, facéndose cargo das responsabilidades que deleguen e asignen os propios pais (García et al., 2014).

Seco, M.L. (2009) explica que os avós deben “deben ter moi claro que a última palabra en relación á educación dos netos e netas é dos seus fillos, que son os primeiros e principais educadores” (p.8). As nais son as que deben tomar as decisións, e as avoas deben soster sempre esa autoridade. “Si sería interesante (por parte dos avós e avoas) un papel sumatorio, de reforzo educativo da labor dos seus fillos e fillas” (p.8).

Neste senso, as catro persoas entrevistadas coinciden na idea de respectar sempre aos pais e nais como os principais responsables da educación das crianzas e asumir o seu rol seguindo as normas que estes establezan.

P. opinaba que “a formación fundamental é dos pais”, “gustoume sempre que a opinión dos pais e o criterio ou a *línea* dos pais fose a *línea* que eu máis ou menos seguise á hora de tratar co neno”. R. incidía na mesma idea: “efectivamente, a educación é estritamente dos pais”, e engadía: “de feito, son tres pais e cada un, cada pai, cada familia neste caso, edúcanos de forma distinta”. Ademais, indica que “son os pais os que deciden a parte de educalos, nós nunca lle dixemos a un pai ‘mira que o estás facendo mal’ nin ‘que o estás facendo ben’, son eles os responsables”. F.: “eu non me quero meter na educación que lle dan os pais, iso é cousa deles”, “[sobre falar ás nenas con gheada] eu preguntei á nai se lle parecía ben que lles falase así”.

En relación ás tarefas escolares, F. indicaba: “eu tampouco me quero implicar moito nesas cousas, porque están seu pai e súa nai, iso Lévano eles”, e P., pola súa parte, explicaba: “por exemplo, se quedaban aquí despois de comer, facían algunhas *tareas* que traían, pois xa continuaban aquí facéndoas e, pois, se supervisaban, pero vamos, en realidade, *eso* non era unha *tarea* nosa, dos *abuelos*”, e R. afirmou: “iso é responsabilidade paterna”.

P., ademais, engadía que, a pesar de recaer a educación principalmente sobre os pais, ela como avoa tamén se implicaba na mesma, en lugar de relegarse a un rol pasivo: “pero nunca porque *sea* o criterio dos pais, eu vou deixar que o neno vaia para *donde* el queira ou naquel momento o neno faga, por así *decilo*, o que el queira, non; eu aí, nesa parcela digo ‘hasta aquí si, pero de aquí para alá no’; non é eso de ‘*bueno*, despois xa seus pais o dirán, a min non, a min o meu criterio é ‘*eso* hai que facelo no momento no que é preciso facelo, non esperar a despois’; eu non son da opinión de *decir* ‘cando veña teu pai, direi’, ‘cando veña túa nai, direi’, no, neste momento estou eu aquí, neste momento hai que corrixir, eu corrixo”.

#### 4.2. Xénero

Os mandatos de xénero determinan en grande medida a asunción das tarefas de coidados entre avoas e netas, utilizando aquí o feminino para as primeiras de xeito indicativo. Segundo Gallardo-Flores, Sánchez-Medina e Fernández-Portero (2016), as avoas que asumen tarefas de coidado e educación das netas son máis do dobre dos avós cando analizamos rangos de coidado de máis de 40 horas á semana. Por outro lado, os avós adoitan asumir esta labor con máis frecuencia cando as súas donas tamén o fan, non acontecendo o mesmo no caso contrario: elas coidan con independencia da parella.

Podemos deducir, polo tanto, que as tarefas de coidados, asignadas ás mulleres, adoitan ser partilladas no caso do coidado das netas cando nos referimos a matrimonios de avoas e avós, aínda que o mandato de xénero siga a atravesar o comportamento e tarefas asumidas por homes e mulleres, tanto no ámbito público como no privado e familiar.

Esta cuestión é relevante á hora de cuestionarmos se a educación das crianzas por parte das avoas (utilizando aquí xa o feminino xenérico para nos referir aos avós tamén) implica unha maior transmisión de mandatos de xénero por mor de teren vivido épocas onde estes roles estaban máis explicitamente marcados na sociedade. O feito de que os avós asuman tarefas de coidado dentro da peculiaridade das relacións neta-avoa é relevante á hora de repensarmos a suposta carga machista dunha educación interxeracional, que non ten por que ser maior que a que acolle unha educación por parte de nais e pais.

Cando preguntamos ás entrevistadas sobre diferenzas entre o trato con netas e netos, todas as respostas foron posicionamentos en contra dos mandatos patriarcais. Isto non implica a non reprodución dos mesmos, mais si anula a asunción dun maior grao de machismo na labor educativa das xeracións maiores.

Por outro lado, as novas xeracións de avoas foxen aos poucos da separación do traballo público-privado (remunerado-non remunerado) entre homes e mulleres; na actualidade, aínda que sigan sendo elas quen asume as tarefas do fogar e coidados, as mulleres adoitan traballar tamén fora do fogar, como comentaba unha das avoas:

P: “Ricardo e eu traballabamos (...) *entonces* (na casa) os traballos sempre eran compartidos, e eles desde pequenos sempre viron ese traballo”.

Esta saída das mulleres ao espazo público non implica a destrución dos roles masculinos e femininos no traballo, senón que duplica a carga de traballo asumida polas mulleres. Porén, á hora de educaren ás netas, as avoas e avós observan e actúan xa desde a concepción de que as nenas non ficarán na casa, e é por iso que deben aprender máis que a coidar. “Actividades de homes e actividades de mulleres? Para nada”, dicía R.

### 4.3. Actividades compartidas

As actividades compartidas polas avoas entrevistadas e as netas son variadas. Moitas teñen que ver coa transmisión cultural de coñecementos relacionados coa contorna e coa terra, característicos dun ámbito rural como é o caso de San Clemente, como o coidado da horta ou dos animais: “botamo-las patacas e tamén as veñen a recoller” (J.), “gústame *enseñarlle* os valores de antes, por *ejemplo* axúdanme a debullar, báixolle unha pila de millo e póñoos a debullar; ao mellor as espigas están un pouco duras pero gústame que o fagan coas mans” (J.), “elas saben da horta porque foron criadas na aldea” (F.), “axúdanme a botarlle de comer ás galiñas” (J.), “intentamos ter os produtos da casa e que eles aprendan a... a conseguir os alimentos da *huerta*, o mar o que da...(R.)”. En referencia a isto último do mar, e tendo en conta que San Clemente se atopa relativamente próximo ás costas da Ría de Arousa, R. engade: “temos outra neta de 12 anos que é unha bateeira, é o que non ves hoxe en día, unha nena de 12 anos traballando na batea, *eso* no o ves, e madrugar, eh, é ao mellor chegar ás seis e media da mañá e ao día *siguiente* reenganchar”

Como se observa xa nalgún deses comentarios (J.: “gústame que o fagan coas mans”), algunhas das entrevistadas danlle moita importancia e protagonismo ás actividades de carácter manual: “o que máis lles *enseñaba* era manualidades, bricolaxe... fozar nas cousas” (R.). R.: “Aquí o que si lle fomentabamos era o xogo do dominó, o xogo das cartas e máis o xogo de manualidades, manualidades de papel, a papiroflexia, por *ejemplo*, facíamos algo *deso*”.

R. e P. destacan outras moitas actividades que o primeiro realiza coas netas: “o *abuelo* déixalles xogar con todo, con todo canta maquinaria...” (P.), “ferramentas de *utilidad*” (R.), “eles cortan, eles sacan, eles... participan en todo, eles fan conexión eléctrica..., de todo, eles fan *nudos* de redes, eles fan saquiños de redes” (P.), “ou de carpintería”, “e con dez anos da un cordón de soldadura de profesional, un cordón de soldadura eléctrica con electrodo”.

Engaden outras actividades como: “apicultura, o traballo dos procesos de apicultura” (R.), “facerlle casiñas ás abellas, ver como as abellas se *desarrollan* alí dentro da súa casiña, sacar a cera dos panales, eles poñen os seus traxes e van alí cos pais e co *abuelo*... eles din ‘*abuelo*, vamos?’” (P.), “por *ejemplo*, fundir a cera, fundila, é un enredo que lle gusta moitísimo, moldear a cera, traballar con ela” (R.). F. tamén conta: “facíamos xogos xuntas: eu facía de policía e poñíalles multas... agora son maiores e xa non xogan a esas cousas”.

R., ademais, destaca esa compoñente educativa: “polo menos conocen o proceso”, “enredos... e aproveitás o enredo para a didáctica”. J. tamén resaltaba esa transmisión de coñecementos: “gústame ensinarlle os valores de antes, por *ejemplo* axúdanme a debullar”.

Pola súa parte, as crianzas móstranse colaboradoras e participativas: “gústalles, gústalles participar” (P.), “e nunca os sentín preguntar canto queda para marchar” (R.), “para a calefacción, cando é inverno axúdanme a coller leña” (J.), e tamén nas tarefas domésticas: “recollen a louza, ao acabar de comer cada un recolle o seu *plato*” (J.) “. P., pola súa parte, destaca que “son nenos que participan moito na vida familiar”.

#### **4.4. Patrimonio inmaterial e tradición oral**

“Eu cóntolles, pero non son pesada; se vexo que non lles interesa, déixoas; e despois, pasan unhas horas e preguntan elas” (F.).

Na nosa labor como docentes, o coñecemento da contorna é fundamental á hora de deseñarmos contidos e actividades conectadas á realidade das crianzas, que partan dos seus intereses e do seu xeito de vivir e se relacionar coas demais e co espazo que habitan. Ao chegarmos a unha escola rural, buscaremos diferentes tipos de información e pistas sobre o lugar onde imos exercer a nosa labor docente: as principais actividades económicas desenvoltas, a vida cultural do lugar, os lugares de relacións entre veciñas, o tipo de familias que habitan a aldea... Mais existe unha fonte de coñecemento sobre a historia das aldeas, os tipos de vínculos e o traballo da terra, a lingua coa que se nomea a propia realidade, os xogos ou as festas que atravesan ás veciñas que só elas mesmas poden contar. E as nosas alumnas - ou polo menos aquelas que son criadas polas súas avoas- escoitan estas historias, saben da súa aldea, nomean con coñecemento e palabras axeitadas a súa realidade e teñen a posibilidade de se achegar a relatos sobre si mesmas que non atoparán nos libros, nin a miúdo no sistema educativo, senón nas cociñas ou os torreiros onde fala a xente.

O patrimonio inmaterial gardado polas avoas –axentes creadores e modificadores desta riqueza en continua construción– abrangue moitos tipos diferentes de creacións populares: cantigas, refráns, xogos, xeitos de traballar a terra, vocabulario específico de cada zona xeográfica, historias, memoria colectiva.

Nalgunhas ocasións, este coñecemento non é transmitido a novas xeracións; ben porque non as hai, ben porque o pasado acolle tamén unha dor que ás veces impide que as avoas falen do que houbo antes de que chegásemos as fillas ou as netas. As historias da emigración encheron de culpa e silencio a relación entre nais –por obriga ausentes– e fillas de milleiros de familias galegas. Unha das nosas entrevistadas comentaba, como se mencionou anteriormente:

“É unha pena cando as nais non teñen confianza coas fillas. Eu non criei á miña. Non vin como comezou a falar. [...]É unha culpa que se leva sempre no corazón.” (F.)

Por outra parte, a peculiaridade anteriormente mencionada das relacións entre avoas e netas, libres da carga educativa das materno-filiais e máis atravesadas polo descubrimento e o disfrute, permite que esta transmisión de coñecemento se dea de xeito máis natural e que exista un espazo para achegarse a ela desde o lecer, ao contrario do que adoita acontecer entre nais e fillas.

#### **4.5. Lingua**

Segundo Laza, 2007 (como se citou en Nandi, 2019):

“desde unha perspectiva sociolingüística, a familia é unha unidade social vital para a adquisición e a aprendizaxe das linguas. O uso da lingua no ámbito familiar non é só importante para a súa transmisión interxeracional, senón que tamén está asociado coa reprodución e transformación dos valores culturais.” (p. 79)

e, por iso, a relación entre avoas e netas é de gran transcendencia unha vez máis.

Nos tres casos que nos ocupan, tanto as avoas como as netas falan galego. As avoas, decláranse galegofalantes orgullosas pero algunhas delas comparten o pensamento de que a norma estándar é o “galego ben falado” como di J: “Quen me dera saber falar o ga lego que falan elas [referíndose ás netas]”.

A principal característica á que recorren para definir o galego normativo ou estándar é a ausencia de castelanismos léxicos substituídos por termos que eles non utilizan na súa variedade local e que son percibidos como máis cultos ou enxebres (Iglesias, Álvarez e Díaz, 2017) F. opina que as netas “falan mellor o galego ca min: din “cadeira” en lugar de “silla”.

Como mestras vemos nesta situación unha oportunidade para abordar as variedades lingüísticas na aula, coa finalidade de dignificalas e coa intención de que esta mensaxe chegue ás familias, contribuíndo, desta maneira, a cambiar a concepción que teñen sobre o seu propio uso da lingua. Formoso, Iglesias e Rial (2017) consideran necesario “mudar a práctica docente, entre outras cuestións, cara a destacarmos e valorarmos positivamente o coñecemento lingüístico que xa posúen os galegofalantes” (p. 268) pois segundo a forma en que corriamos os castelanismos léxicos e outros trazos que o alumnado utiliza na súa vida cotiá podemos estar transmitindo a idea de desprezarmos o seu xeito de falar, que lles foi transmitido no ámbito familiar. (Iglesias et al., 2017, p. 110)

#### **4.6. Bidireccionalidade nas aprendizaxes**

Esta relación interxeracional beneficia tanto ás avoas como ás netas xa que tal e como opinan Rico, Serra e Viquer, 2001 (como se citou en Sanz, Mula e Moril, 2011) “establécese un intercambio de información e de estímulos nas dúas direccións. As avoas aparte de entregar coidado, afecto, experiencias vitais, tamén transmiten a memoria histórica, tradicións e valores sociais e por parte das netas reciben entretemento, compañía, amor” (p.5) e un novo tipo de visión mundana.

Vargas e Ibáñez (2003) destacan que “a transmisión interxeracional non é un proceso que se dea nun momento puntual determinado, nin nun momento especial, senón que máis ben é algo que se vai dando ao longo da vida cotiá”, e ao compartir tantas actividades xuntas e diversos espazos, existe un gran intercambio de coñecementos que fai que se enriquezan as dúas partes.

R. destaca que a relación coas súas netas, “non é unha simbiose”, é dicir non se saca un proveito puramente individual, senón que “existe unha axuda mutua”, polo tanto bidireccional. Para acadar un ensino coherente e contextualizado, se incluímos a relación bilateral que se establece entre avoas e netas, conseguiremos transformar o centro educativo nun espazo activo onde a comunidade sexa un dos pilares de aprendizaxe das nenas.

#### **4.7. Tecnoloxía**

Uns dos ámbitos onde existe un gran intercambio de aprendizaxes desde as netas cara as avoas é no mundo das tecnoloxías. Aquí temos que diferenciar entre dous termos dos que nos falan Múñoz e Díaz (2019): nativa dixital e inmigrante dixital.



Unha nativa dixital nace nunha contorna tecnolóxica, interactuando desde ben cativa coas TIC. Desta maneira, adquire dunha forma natural e intuitiva coñecementos, habilidades e competencias propias do mundo das TIC. Este feito fai que as nenas incorporen as tecnoloxías ao seu proceso de desenvolvemento e identidade persoal. Tanto é así que as pequenas encontran respostas aos seus intereses cotiáns e aos seus comportamentos sociais nestas ferramentas.

Pola contra a inmigrante dixital, observa as TIC como instrumentos absolutamente ao marxe da súa identidade persoal. A súa perspectiva adoita ser máis instrumental que vital. Non busca construír identidades, nin realidades, senón que as reconece directamente como instrumentos que potencian as opcións de ocio e con beneficios funcionais. (p.278)

En definitiva, para as rapazas, o mundo real e o dixital están tan interrelacionados que forman o continuo básico das súas existencias. Mentres que para as adultas, trátase claramente de dimensións separadas.

Se analizamos os tres casos, obsérvase unha clara fenda interxeracional tecnolóxica entre avoas e netas. As netas, nativas dixitais, están perfectamente alfabetizadas e desenvólvense sen problema no ámbito tecnolóxico, mentres que as avoas, inmigrantes dixitais, tiveron que adaptarse á unha nova era, como di P. “evolucionamos para adaptarnos”.

#### **4.8. Visión da educación**

Con respecto á visión da educación das avoas, todas comparten a inquedanza de que vaian á escola, de que se formen e de que aprendan. R. fai fincapé no “aprender facendo” e nese “saber facer” a través da aprendizaxe manual que se mencionou con anterioridade.

Outra das ideas que se repite é a que a educación debe ser integral e albergar todos os ámbitos, sen limitarse unicamente á transmisión de contidos, como di P. “hai que formar á *persona* integralmente, de arriba a abaixo”. E engade “nós vemos que na súa preparación eles teñen un abanico moi grande que lle abarca todo, estamos moi satisfeitos porque vemos que traballan cos rapaces en todos os ámbitos [referíndose ao colexio]: porque fan cos coñecementos teóricos alí nas aulas, pero logo lévanos á realidade, sácanos fóra, os nenos participan...”

Algunhas das avoas tamén lle dan gran importancia a ensinar valores, para J. “o outro tampouco queda atrás, pero máis importante os valores.” E todas coinciden no gran cambio que se deu entre xeracións, en palabras de P.: “na nosa infancia non tiñamos nin a metade dos medios” e sosteñen a idea de que “a xuventude de hoxe en día teñen todo *masticado*, téñeno todo feito” (R.) pero veno como algo positivo e favorable pois, segundo R. “alegrámonos que o mundo mellore”.

No tocante á relación casa-escola, as avoas relegan esa responsabilidade nos proxenitores: “eu tampouco me quero implicar moito nesas cousas porque están seu pai e súa nai. *Eso* lévano eles” (F.) mais tamén se mostran partícipes do que fan, “eu cando hai cousas en que se pode participo, e vou miralas e así.” P. mantén que é “unha relación participativa e de apoio” e que a súa intervención é de reforzo ao que xa aprenden “nós vemos que alí abarcan todos os ámbitos da educación do neno: que lles dan coñecementos, que os sacan para fóra... e nós nese sentido estamos colaborando a reforzar o que xa os nenos van traendo”.

## 5. Conclusións

Tendo en conta que o tamaño da mostra non permite facer xeralizacións e o noso traballo ten unha principal finalidade exploratoria podemos concluír, grazas aos datos obtidos tanto a través das entrevistas como do marco teórico, que as diferentes relacións que manteñen as avoas coas netas posúen un gran valor educativo.

Como futuras docentes consideramos crucial outorgarlle recoñecemento a ese valor pedagóxico e apreciar a participación e involucración das familias. A mostra de interese e preocupación por parte das avoas pode axudarnos a establecer unha relación con elas coa fin de coordinarnos e transmitirmos uns coñecementos contextualizados e significativos, educando, desta maneira, desde o coñecemento da contorna.

Durante os debates que tivemos nas sesións interactivas, unha das preguntas á cal lle intentabamos dar resposta, era “como podemos facer para que a aprendizaxe sexa contextualizada adecuadamente?” A través deste traballo, conseguimos chegar a unha resposta clara: falando, movéndonos, preguntándolle á xente da aldea, ás avoas das nosas nenas, coñecendo as súas realidades. Se como mestras facemos esta labor, conseguiremos que o alumnado constrúa unha aprendizaxe verdadeiramente significativa.

Gustaríanos pechar o traballo con esta cita de P., onde se pode apreciar a implicación coa súa escola do rural e as ganas de aportar e colaborar no que poidan con ela e coa educación das súas netas:

“nós podemos colaborar, no que nós poidamos algo colaborar, como que non? Todo o que sea o noso coñecemento e transmitilo, e axudar, ademais que o noso rural... e a nosa escoliña do noso rural salga adiante... é o noso orgullo! Se nós non pelexamos polo mantemento desa nosa escola quen vai a pelexar, senón nós os veciños que vivimos aquí pretiño dela? Máis queremos nós. Se en algo máis podemos colaborar, estamos aquí”.


## 6. Referencias bibliográficas

- Badenes, Nuria e López, M<sup>a</sup> Teresa (2011). Doble dependencia: abuelos que cuidan nietos en España. Zerbitzuan: Gizarte zerbitzuetarako aldizkaria= Revista de servicios sociales, (49), 107-125. Recuperado de: <https://diainet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3723564>
- Comellas, María Jesús (2013). Los abuelos y abuelas, otra educación. Aula de innovación educativa, (226-227), 0049-54. Recuperado de: <https://core.ac.uk/download/pdf/132092837.pdf>
- Gallardo-Flores Ana, Sánchez-Medina José Ángel, Fernández-Portero, Cristina (2016). Mujeres y cuidado: Abuelas cuidadoras. *Psicología y Educación: Presente y Futuro*, 860-867. Recuperado de: <https://diainet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6172085>
- García, Verónica; Pérez, M<sup>a</sup> del Henar e Martínez, Raquel-Amaya (2014). Aproximación a la participación de los abuelos y abuelas en la educación de sus nietos y nietas. *INFAD Revista de Psicología*, 5(1), 571-580. Recuperado de <https://revista.infad.eu/index.php/IJODAEPA/article/view/405/339>
- Hoyuelos, Alfredo (2004). Abuelos, abuelas, nietos y nietas. El punto de vista infantil. *Indivisa, Bol. Estud. Invest.*, (5), 35-42. Recuperado de <https://diainet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1043224>
- IGE (2001). Censo de poboación e vivendas. Recuperado de <http://www.ige.eu/igebdt/esqv.jsp?paxina=002001&c=-1&ruta=parroquias/parroquias.jsp>
- Iglesias, Ana, Álvarez, Xosé, & Díaz, Salomé. (2017). O estándar galego nas novas xeracións: entre o afastamento ea necesidade. *Revista Galega de Filoloxía*, (18), 79-113 Recuperado de: <http://hdl.handle.net/2183/20133>
- Iglesias, Ana, Formoso, Valentina e Rial, Ana (2017). O alumnado galego ante as variedades dialectais propias e alleas. *Verba: Anuario Galego de Filoloxía*, 44, 231-270. Recuperado de: <https://revistas.usc.gal/index.php/verba/article/view/2947>
- Imaxes obtidas de Google Imaxes: <https://www.google.es/imghp?hl=es>

- Muñoz, Antonio e Díaz, Inmaculada (2019). Observación de la brecha tecnológica generacional desde el prisma de la disponibilidad léxica. *Ogigia. Revista Electrónica de Estudios Hispánicos*, (25), 259-292.
- Nandi, Anik (2019). Política lingüística familiar. O papel dos proxenitores pro-galego na transmisión interxeracional. *Estudos de lingüística galega*, (11), 77-101. Recuperado de: [https://pureadmin.qub.ac.uk/ws/files/178554111/ELG\\_ART\\_2019.pdf](https://pureadmin.qub.ac.uk/ws/files/178554111/ELG_ART_2019.pdf)
- Noriega, Cristina e Velasco, Cristina (2013). Relaciones abuelos-nietos. Una aproximación al rol del Abuelo. *Sociedad y utopía. Revista de Ciencias Sociales*, 49, 464-482. Recuperado de <https://estaticos.qdq.com/swdata/files/619/619320697/relacionesabuelosnietos.pdf>
- Pinazo, Sacramento (1999). Significado social del rol del abuelo. *Revista Multidisciplinar de Gerontología*, 9, 169-176. Recuperado de [https://www.academia.edu/3223898/Significado\\_social\\_del\\_rol\\_de\\_abuelo](https://www.academia.edu/3223898/Significado_social_del_rol_de_abuelo)
- Sanz Ponce, Roberto, Mula Benavent, José Manuel e Moril Valle, Remedios (2011). *La relación abuelos-nietos-escuela: una excusa o una necesidad*. In XII Congreso Internacional de Teoría de la Educación. Recuperado de: <https://www.cite2011.com/Comunicaciones/Familias/142.pdf>
- Seco, María Luisa (2009). Los abuelos en la educación de los nietos. *Padres y maestros*, (323), 8-11. Recuperado de <https://revistas.comillas.edu/index.php/padresymaestros/article/view/1387/1187>
- Vargas, José de Jesús e Ibáñez, Edilberta. (2003). Análisis y reflexiones sobre la transmisión intergeneracional. *Revista Electrónica de Psicología Iztacala*, 6(1). Recuperado de: <https://www.iztacala.unam.mx/carreras/psicologia/psiclin/vol6num1/reflexionesintergeneracion.html>

## 7. Anexos

### Anexo 1. Localización de San Clemente de Cesar



**Imaxe 1.** Concello de Caldas de Reis no mapa galego.

**Imaxe 2.** Parroquias de Caldas de Reis.

**Imaxe 3.** Parroquia de San Clemente de Cesar.

## Anexo 2. Guión das entrevistas

1. **Presentación.** Avisar de que todo o que digan vai ser totalmente **confidencial** e non se van utilizar para nada os datos persoais, simplemente a nivel de información para o noso traballo. Preguntar se podemos **gravar**.
2. **Idade** (súa e da neta). Pensa que a idade supón unha **barreira** entre vostede e o seu neto? Ou que en xeral o é entre avós e netos?
3. **Tempo que pasan xuntas e espazos que comparten.** **Situacións** nas que se xuntan.
4. **Que adoita facer con elas?**
  - "Rol" das avoas e avós, que papel teñen na relación coas netas/os? (Coidador, só se ven cada x tempo, xogan, "educan"...)
  - Diferenzas relación entre **pais/nais-fillos/as** e **avós/avoas-netos**. Que ten de **particular** a relación dos avós cos netos e viceversa? (Máis centrada no "desfrute", sen preocupacións)
5. **Xénero.** Diferenzas entre o trato entre a túa neta/o. A nivel xeral?
6. **Lingua.** Que lingua fala **vostede**? E cos **netos**? **Saben** falar galego-castelán?
7. **Tecnoloxías.** Canto **tempo** empregan as tecnoloxías os seus netos? Que **dispositivos** utilizan (tablet, teléfono, ordenador, televisión..)? Sabe **que** fan con elas? **Vostede** sabe utilizar algunhas tecnoloxías? **Fenda dixital**?  
Como cre que **inflúen** as tecnoloxías no **desenvolvemento** dos rapaces?  
Positivas/negativas?
8. **Ocio:**  
Que **actividades** lles gusta facer? Como pasan o seu **tempo libre**? (Xogos de mesa/cartas, ler, cocñar receitas, coidar xardín, pasear, coser, ganchillar, etc)
9. **Coñecemento persoas maiores** (relacionar os seus coñecementos coa nosa experiencia: “**coas nosas avoas** **adoitamos preguntar sobre como era a súa vida antes, contannos o que facían no seu tempo libre... é coñecemento que non aprendemos na escola. vostedes fan isto coas súas netas?**”)
  - Cancións, refráns, lendas, xogos, gastronomía, coidado do horto, historia, coser... que **coñecementos comparten** cos netos? Ademais deses, cantos outros **poderían compartir** cos cativos?
  - Que cren que lle **aportan/poden aportar** vostedes aos seus netos/as (ou os avós aos netos en xeral) que **non lle aportan por exemplo seus pais, na escola etc**?

- (Cre que a xente maior en ocasións pode sentir que non pode aportar moito ás novas xeracións, que non sabe porque ao mellor non estudou, **sentimento de inferioridade**, etc.? Ou pensa que polo xeral a xente maior non ten ese tipo de pensamentos?)

#### 10. Educación:

- **Que é para vostedes a educación? Importancia/responsabilidade** que conleva a educación dos cativos e cativas, que son o futuro da sociedade. Que pensan vostedes que é **importante** na educación dos cativos? Como sería para vostedes unha **boa mestra/ un bo mestre**?
- **Vostede foi á escola? Nota moita diferenza entre antes e agora?**
- Que pensa que se podería **recuperar** da súa **experiencia** na escola ou na educación en xeral que sería positivo para a **educación de hoxe**? **Que pensa sobre “as aulas multigrao” (xa que estamos falando de **interxeneracionalidade**)?** Sobre a escola rural en xeral?
- Pensa que a **escola** - e concretamente a escola **rural**- podería **colaborar** cos **avós e avoas da aldea** para organizar **actividades de aprendizaxe** cos nenos/as? Crear unha "**comunidade**", establecer lazos coas raíces e entre veciños.  
*Ex.: Xornadas de xogos populares, recopilación de cancións e cantar xuntos, que os nenos entrevistan aos avós para coñecer como era antes a vida (coñecementos de historia), horto escolar (que os nenos aprendan dos coñecementos dos avós), cociña (receitas tradicionais, festas...).*
- Cre que, en xeral, aos avós e avoas **gustaríalles** participar nestas actividades ou contribuír dalgunha forma coa escola grazas ao seu **coñecemento e experiencia** para a educación das novas xeracións?

**APORTACIONES A MAIORES/ COMENTARIOS.** Hai algunha cuestión que considere importante ou interesante que non se tratara na entrevista? Que lle pareceu? Incluso algo fóra do tema da entrevista que queira comentar/falar?